

**Acodo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 24 de abril de 2017, polo que se modifica a denominación do órgano consultivo en materia de prevención de riscos laborais**

Por Acordo da Mesa da Cámara do 24 de xullo de 2001 aprobáronse as Normas de seguridade e saúde do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 806, do 23 de agosto de 2001), que teñen por obxecto regular o Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia, órgano colexiado e paritario de participación do persoal ao seu servizo e dos que exercen a representación da Administración da Cámara, destinado á consulta regular e periódica das actuacións da institución en materia de prevención de riscos laborais.

Os seus membros recomendan ampliar a nomenclatura do propio Comité de Seguridade e Saúde a Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral.

En consecuencia, conforme o disposto no artigo 30.1.2ª do Regulamento do Parlamento de Galicia e 3.2.a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa da Cámara, na reunión do 24 de abril de 2017, dispón:

*Artigo único. Denominación do órgano consultivo en materia de prevención de riscos laborais*

O órgano consultivo en materia de prevención de riscos laborais, regulado nas Normas de seguridade e saúde do Parlamento de Galicia aprobadas polo Acordo da Mesa da Cámara do 24 de xullo de 2001, pasa a denominarse «Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral».

*Disposición derradeira primeira. Referencias ao Comité de Seguridade e Saúde*

Todas as referencias que as disposicións normativas do Parlamento de Galicia fagan ao Comité de Seguridade e Saúde entenderanse efectuadas ao Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral.

*Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor*

Esta disposición entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º